

## AVALIACIÓN

O alumnado terá tres avaliacións ordinarias (coincidindo cos períodos vacacionais, salvo acordos de xunta de avaliación ou claustro) e unha avaliación final (para o alumnado en situacións especiais, perda do dereito a avaliación continua, etc.).

A nota destas avaliacións obterase a partir de:

Probas obxectivas 80% da nota  
Dosier de Traballos 10% da nota  
Actitude 10% da nota

Para poder ser avaliado positivamente e compensar notas, o alumnado ten que acadar un mínimo de 4 puntos sobre 10 en cada parte, no caso contrario a nota máxima de avaliación será un 4 (por exemplo un alumno con un 5 en contidos pero un 3 nalgunha das outras partes)

As probas obxectivas pesarán o seguinte (Resultados de Aprendizaxe e Contidos Básicos - xa especificado anteriormente):

Listening - 10%  
Writing - 10%  
Speaking - 10%  
Reading - 20%  
Grammar - 50%

A proba de Grammar incluírá as estruturas, o vocabulario, etc. detallados nos BC do Decreto 191/2010. Farase en forma de traducións, transformacións e exercicios específicos relevantes.

A nota final do alumnado que non perda o dereito a avaliación continua obterase sumando as notas obtidas nas avaliacións previas co seguinte peso:

1ª avaliación 10%  
2ª avaliación 20%  
3ª avaliación 70%

A perda do dereito a avaliación continua (10% faltas, 19,2 sesións) ou non ter superado a 3ª avaliación supón realizar unha proba final. Nestos casos a valoración das probas será a seguinte:

Listening 15%  
Writing 15%  
Speaking 15%  
Reading 20%  
Grammar 35%

Nestes casos non se valorará o dosier ou a actitude.

O Dosier de Traballo conterá todas as tarefas realizadas e toda a documentación de traballo. Evaluarase do seguinte xeito:

1. Orde cronolóxico. Este é un requisito previo para podelo avaliar.
2. Presentación.
3. Corrección.
4. Puntualidade na entrega (non se admiten traballos fora de prazo).

A Actitude avaliarase en función dos seguintes ítems:

1. Respeto e comportamento adecuado coas persoas (compañeiros e docente) e os materiais.
2. Puntualidade e asistencia.
3. Atención na aula.
4. Material de traballo na aula.
5. Realización das tarefas.
6. Participación na clase (con coherencia e respecto)..

O alumnado partirá cunha nota de 5 puntos sobre 10. As actitudes negativas (incumprimento dos ítems anteriores) serán rexistradas na Libreta do Profesor (documento de traballo e rexistro). Cada rexistro negativo restará 2 puntos ata acadar o máximo de 0. O alumnado que non rexistre actitudes negativas durante un mes sumará 3 puntos á súa nota de partida ata acadar o máximo de 10 (10% da nota de avaliación).

O alumnado deberá asistir as probas de avaliación na data e hora sinaladas. No caso de non asistencia terá que presentar un documento de xustificación oficial (asistencia ao médico ou ante as autoridades pertinentes) para ter dereito á repetición das probas.